



(F\_TPS\_20)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO  
DOMINIO LOCAL NO MERCADO OU PRAZA DE ABASTOS  
E NOS SEUS ESPACIOS E SERVIZOS ANEXOS

**HISTORIAL DE CAMBIOS**

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
18/11/2005	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	270	01/01/2006
13/11/2006	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2006
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
04/11/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011
28/09/2012	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	28/12/2012
17/12/2015	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	23/12/2015

**SIMBOLOXÍA**



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaríanse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ [informatica@concellodemonforte.com](mailto:informatica@concellodemonforte.com) 🌐 [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>  
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

## INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO	3
ARTIGO -4- RESPONSABLES	3
ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA	3
ARTIGO -6- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS	3
ARTIGO -7- DEVEÑO DA TAXA E PAGAMENTO	3
1. DEVINDICACIÓN	3
2. INSTRUMENTOS DE COBRO	4
DISPOSICIÓN ADICIONAL	4
DISPOSICIÓN FINAL	4

## ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

De acordo co previsto no ARTIGO 57 e 20.4 letra u) do R.D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo e de conformidade co que dispoñen os Artigos 15 a 19 do mesmo texto legal, o Concello de Monforte establece a taxa pola prestación de servizos municipais en relación ás actividades de mercado, praza de abastos e nos seus espazos e servizos anexos.

## ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación de servizos na praza de abastos, mercado e nos seus espazos anexos.

## ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o ARTIGO 35.4 da Lei Xeral Tributaria que utilizan a Praza de Abastos para a venda de produtos, ben como postos fixos ou que non o sexan, así como os servizos anexos.

## ARTIGO -4- RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os Artigos correspondentes da Lei Xeral Tributaria.

A derivación de responsabilidade requirirá que, previa audiencia do interesado, se dite o correspondente acto administrativo nos termos previstos no citado texto legal.

## ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguintes tarifas :

1. **POSTOS FIXOS MERCADO DO DÍA:** Será o resultado de aplicar as tarifas que seguen, por metro cadrado e mes ou fracción:

Carnicerías	Conxelados	Pescaderías - Charcuterías	Froiterías
2,98 €	1,53 €	3,39 €	0,78 €

2. **POSTOS NON FIXOS:** Por cada posto de venda 6,00 € m<sup>2</sup> / día.

No caso de que se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinada polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación

## ARTIGO -6- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederá ningunha exención ou bonificación á exacción da taxa.

## ARTIGO -7- DEVEÑO DA TAXA E PAGAMENTO

### 1. DEVINDICACIÓN

- a) Cando se trate de postos fixos, e tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados ou prorrogados, o primeiro día de cada exercicio económico.
- b) Tratándose de concesións de novo aproveitamento, a data da acta do inicio da prestación da utilización privativa do posto
- c) Cando se trate de postos non fixos, na data de outorgamento da autorización. Caso de realizarse o aproveitamento sen a correspondente autorización, no momento do inicio de dito aproveitamento.

## 2. INSTRUMENTOS DE COBRO

Para os supostos previstos no apartado 7 - 1 - a) o cobro tramitarase mediante recibos de devindicación periódica e notificación colectiva, agás no suposto de altas e baixas nas que se emitirá a correspondente liquidación.

Para os supostos previstos no apartado 7 – 1 – b) emitirase a correspondente liquidación

Para os supostos previstos no apartado 7 – 1 – c) mediante autoliquidación, que deberá efectuar o interesado no momento de solicitar a correspondente autorización.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 18 de novembro de 2005 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 270 de 25 de novembro, entrando en vigor o día un de xaneiro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 13 de novembro de 2006 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 297 de 29 de decembro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 28 de setembro de 2012 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 28 de decembro de 2012.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 26 de outubro de 2015, e aprobada definitivamente polo Pleno de 17 de decembro de 2015 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 de 23 decembro de 2015.

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca